



Concello do Grove

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXP. N.º: 1008/2019

ASUNTO: DELEGACIÓNS PARA O EXERCICIO DE ATRIBUCIÓNS A FAVOR DE CONCELLEIROS/AS

De conformidade co disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

Primeiro. Establecer, de acordo co disposto no artigo 43.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, as seguintes delegacións xenéricas para o exercicio das atribucións que me veñen conferidas, a favor dos/as Sres/Sras concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local que de seguido se relacionan, e sobre as materias seguintes, para a súa dirección, xestión e impulsión, excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, sen prexuízo da facultade de delegación de firma segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo:

- **D^a M.^a ÁNGELES DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ**

- Obras
- Servizos
- Infraestruturas
- Mobilidade e Accesibilidade
- Medio Ambiente

- **D. SANTIAGO M. MEIS OTERO**

- Deportes
- Seguridade, Policía Local e Emerxencias

- **D^a NOEMI OUTEDA PROL**

- Cultura e Patrimonio
- Terceira Idade
- Normalización Lingüística

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Concello do Grove

- **D. JUAN R. OUTEDA MONTENEGRO**

Xestión de Residuos
Limpeza
Mantemento de Espazos Públicos
Mercados

- **D. JUAN OTERO OTERO**

Medio Rural e Parroquia de San Vicente

Segundo. Establecer, de acordo co disposto no artigo 43.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, as seguintes delegacións específicas para o exercicio de atribucións que me veñen conferidas, a favor dos/as Sres/Sras concelleiros/as non membros da Xunta de Goberno Local que de seguido se relacionan, e sobre as materias seguintes, para a súa dirección, xestión e impulsión, excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, sen prexuízo da facultade de delegación de firma segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo

- **D.^a DEL PILAR GALIÑANES CASTRO**

Educación

- **D. FRANCISCO M. PARADA CARBALLA**

Asuntos Sociais
Igualdade

- **D.^a MARÍA LÓPEZ PRIETO**

Xuventude
Fomento do Emprego
Promoción Económica
Comercio

- **D. FRANCISCO JAVIER CANEDA VIDAL**

Sanidade
Persoal

Concello do Grove



Concello do Grove

Terceiro. Non poderán delegarse nun terceiro as atribucións delegadas pola Alcaldía en virtude desta resolución. Quen ostente delegacións, deberá informar previamente ao titular da Alcaldía da adopción de decisións de especial transcendencia.

O titular da Alcaldía, en calquera momento, poderá avocar para si, consonte ao establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, todas ou parte das atribucións que delegase.

Cuarto. Notificar persoalmente a presente resolución ás persoas interesadas que, salvo manifestación expresa, se considerará aceptada tacitamente no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación

Quinto. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura desta resolución, e, así mesmo, publicar no taboleiro de edictos do Concello.

Sexto. Dar conta desta Resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e trasladala a todos os departamentos municipais.

Mándao e asíno o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra 'e' do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

O alcalde

Dou fe, o secretario

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE